



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 12 de setembro do 2012
HORA DE COMEZO: 20.30 horas
HORA DE REMATE: 22.00 horas

ASISTENTES:

Don Adolfo Gacio Vázquez
Don Jesús Sanjuás Mera .
Don Manuel Mouriño Varela .
Don Antonio González Barral .
Dona María Dolores García Couto .
Dona Sonia Rodríguez Midón .
Don Jesús José Santasmarinas Devesa .
Dona Raquel García Fraga .
Dona Adela Redondo Rendo.
Don Xabier Canabal Fernández .
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Ninguén.

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde Don Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria Dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Escrito presentado por Xabier Canabal Fernández e Montserrat Prado Cores secretaria executiva nacional do BNG**
- 3. Informe de morosidade 2º trimestre 2012**
- 4. Aprobación conta xeral 2011**
- 5. Modificación presupostaria**
- 6. Incremento IPC (1.9%) tarifas saneamento e abastecemento**
- 7. Rexeitamento da alegación presentada por Espina&Delfín e proposta declaración de nulidade do acordo adoptado o 14-03-2012**
- 8. Aprobación do Plan DTC94: Unha Deputación para todos os concellos**

9. Festivos locais 2013
10. Moción de Unións Agrarias, Asaja e Sindicato Labrego Galego
11. Información da alcaldía.
12. Rogos e preguntas.

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior .

Co voto a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión celebrada o 11 de xullo de 2012.

2.Escrito presentado por Xabier Canabal Fernández e Montserrat Prado Cores

Dáse conta dos escritos:

1º- Presentado por Xabier Canabal Fernández, concelleiro na corporación, no cal comunica

Como consecuencia da ruptura da que era a casa común do nacionalismo, é dicir, o BNG (posterior á última Asemblea Nacional de Amio do 28 e 29 de xaneiro), e como consecuencia da marcha de dúas das tres sensibilidades que daban razón de ser á fronte nacionalista, e das consecuencias na organización Local de Boqueixón, decidín abandonar a militancia desta organización política o pasado martes 10 de xullo.

Nas diversas reunións realizadas nos últimos meses entre os membros que se presentaron nas listas do BNG nas eleccións municipais, decídese que sexa o actual concelleiro o que siga na Corporación Municipal, como membro non adscrito a ningunha organización política.

Tendo en conta a configuración actual do Plenario do Concello, e as leis de réxime electoral que establecen que as actas son persoais e non das organizacións políticas, a decisión adoptada cumpre cos preceptos establecidos nas leis, e por iso,

SOLICITO:

Que tendo presentado este escrito, se fagan todas as modificacións oportunas, se as houber, para a declaración do concelleiro Xabier Canabal como membro non adscrito da Corporación Municipal.

E para que así conste aos efectos oportunos, asina a presente solicitude,

O sr. Canabal di: Tal e como expresei no pasado pleno, infórmase aquí da baixa que realicei no BNG. Está perfectamente explicada no escrito que presentei.

Simplemente dicir que a baixa está enmarcada nun proceso global, que non é unha decisión persoal senón colectiva, posto que se fora persoal este que lle fala non estaría sentado neste pleno.

Pero tendo en conta o esfarelamento producido consecuencia da última Asemblea Nacional do BNG, e de todo o proceso posterior, considero máis ético que defenda as premisas coas que me presentei ás últimas eleccións municipais, aínda que sexa como

concelleiro non adscrito, antes de que o faga outro que non foi na candidatura das últimas municipais.

O sr. Calvelo di que ao ser decisión do sr. Canabal, non ten nada que dicir ao respecto.

O sr. Sanjuás, día si mesmo, que o seu grupo non ten nada que dicir ao respecto. Polo tanto, o concelleiro Xavier Canabal Fernández continua na corporación municipal en calidade de concelleiro non adscrito e nas mesmas condicións que se atopaba.

2º - Presentado por Montserrat Prado Cores, actuando en calidade de secretaria de organización da executiva nacional do BNG, no cal comunica:

MONTSERRAT PRADO CORES, con documento de identidade nº, con enderezo a efectos de notificación en 15703 Santiago de Compostela, (Telf.), actuando en calidade de secretaria de Organización da executiva Nacional do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), inscrita no Libro de Inscripción do rexistro de Partidos Políticos do Ministerio do interior, Tomo III, Folio 392, con data do 24 de xuño de 1996, segundo consta na acta de constitución da citada asociación política, e no uso das súas facultades, COMUNICA

Que o concelleiro Xabier Canabal Fernández, integrante até agora do grupo político municipal do BNG, no concello de Boqueixón, ten abandonado esta formación política.

Que os órganos de dirección do BNG formalizaron dito abandono.

Que aos efectos do disposto no artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local, faise constar expresamente que o representante lexítimo do BNG no concello de Boqueixón non é o citado Concelleiro.

Que, polo tanto, debe proceder a considerarse como concelleiro non adscrito a Xabier Canabal Fernández, e así mesmo, a adecuar os seus dereitos políticos e económicos na corporación municipal á nova situación creada polo seu abandono do BNG, consonte ao establecido na lexislación en materia de réxime local e electoral.

Por todo iso, SOLICITA

Que teña por realizadas as anteriores manifestacións, acordando ter por notificado o abandono do concelleiro Xabier Canabal Fernández, do BNG, adoptando os acordos precisos para dar cumprimento ao disposto no artigo 13.3 da Lei de Bases de Réxime Local.

3.Informe de morosidade 2º trimestre 2012

Dáse conta do seguinte informe de tesourería correspondente ao 2º trimestre 2012:

a) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago pola entidade .

Pagos realizados en el trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período mediopago excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total

Gastos en Bens Corrientes y Servicios	34,7551	20	228	121.281,13	1	759,00
Aplicados a Presupuesto (Cap. 2) por artigos	34,7551	20	228	121.281,13	1	759,00
20.- Arrendamientos e Canons	26	0	2	3.321,42	0	0,00
21.- Reparación Mantemento e Conservación	35	0	49	39.513,39	0	0,00
22.- Material Subministro e Outros	35	20	164	77.854,05	1	759,00
23.- Indemnización por razón del servicio	35	0	13	592,27	0	0,00
24.- Gasto de publicaciones	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Institucións s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos y funciones no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2.- Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar ao Presupuesto						
Inversións reais						
Aplicados a Presupuesto (Capítulo 6)						
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00

Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL pagos realizados en el trimestre	34,7551	20	228	121.281,13	1	759,00

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagados en el período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Corrientes en Bens e Servicios	0	0,00
Inversiones reais	0	0,00
Outros pagos realizados por operaciones comerciales	0	0,00
Sen desagregar	0	0,00
Total	0	0,00

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Período medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Período medio del pendiente de pago excedido(PMPPE) (días)	Pendientes de pago a final del trimestre			
			Dentro período legal pago a final del trimestre		Fora período legal pago a final del trimestre	
			Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Gasto en Bens Corrientes y Servicios	10,1696	0	29	43.078,03	0	0,00
20.- Arrendamientos y Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21.- Reparación Mantemento y Conservación	14	0	6	1.743,33	0	0,00
22.- Material Subministro y Outros	10	0	19	41.268,20	0	0,00
23.- Indemnización por razón do servizo	15	0	4	66,50	0	0,00

24.- Gasto de publicacións	0	0	0	0,00	0	0,00
26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27.- Gastos imprevistos e funcións no clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2.- Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0	0	0	0,00	0	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
TOTAL operacións pendentes de pago a final de trimestre	10,1696	0	29	43.078,03	0	0,00

Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con máis de tres meses de su anotación en rexistro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR)	Pendentes de recoñecemento obrigas	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0	0,00
Inversións reais	0	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0,00
Total	0	0	0,00

b) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro. .
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- CONSIDERACIÓNS

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que:

Entre el 1 de enero de 2012 y el 31 de diciembre de 2012, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cuarenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de abril e 30 de xuño de 2012 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	228	1
Importe total	121.281,13	759,00

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre. (art. 4º.3 Lei 15/2010)

	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Número de pagos	29	0
Importe total	43.078 ,03	

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas

desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigaón (art. 5º.4 Lei 15/2010):

Número de operacións: 0

Importe total: 0

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, propoñendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

Neste momento cando son ás 21:10 horas entra no salón o sr. Mouriño Varela.

4.Aprobación conta xeral 2011

Confeccionada a conta xeral correspondente ao exercicio 2011, cun resultado presupostario de 2.632,97 €, un remanente de tesourería de 161.800,02 €, un aforro bruto de 63.046,55 € e un aforro neto negativo de 49.362,33 €; informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na súa reunión do 31 de maio de 2012. Únese a referida conta o preceptivo informe económico da secretaria – interventora do concello, así como o resultado da súa exposición pública no BOP número 108, do 08/06/2012, durante o cal non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións contra a mesma.

Sen máis procedese coa votación e cos votos a favor do P.P e en contra do P.S.de.G e do sr. Canabal, non adscrito, acórdase:

1/ Aprobar a conta xeral do ano 2011

2/ Remitila aos correspondentes órganos fiscalizadores: Tribunal de Contas e Consello Contas de Galicia

5.Modificación presupostaria.

Na comisión de contas celebrada o 3 de setembro 2012 foi informada favorablemente esta modificación presupostaria.

1/ O concello ten que reintegrar unha subvención concedida pola secretaria xeral para o deporte, por importe de 38.525,11 € máis os correspondentes intereses por importe de 1.975,92 €. No presuposto 2012 non existe consignación para estes gastos.

2/ Neste punto, e debido a un erro nos datos da contabilidade, ó mes de xuño 2012 os custos bancarios (excluídos intereses e amortización) por comisións e outros gastos bancarios ascenden a **2.440,04 euros e non a 4.036,94** como figuran na anterior proposta; pero a pesares deste descenso a previsión segue sendo de continuo incremento posto que o concello efectúa pagos e ingresos mediante transferencias bancarias.

No presuposto 2012 non se consignou suficiente cantidade porque os datos dos anos anteriores as cifras son notablemente inferiores, concretamente no ano 2011 ascenden a 1.796,79 €.

3/ O plan de investimento do presuposto 2012 inclúe na partida 322.619,00, a construción dun Telecentro cuxa aportación municipal ascende a 25.931,36 €, e que o goberno municipal decidiu renunciar á súa execución. Por isto, é necesario proceder coa modificación do referido plan de investimentos e transferir a aportación municipal prevista nesa partida a outra deficitaria.

4/ A estas datas a partida dispoñible para a súa minorización co fin de transferir crédito a outra é a 411.212,00 (40.000 de consignación inicial) que á data 18 de xullo 2012 presenta un crédito por importe de 36.773,78 €.

Por todo isto, dado a necesidade de proceder coa modificación do presuposto do concello correspondente ao exercicio 2012 a fin de atender as necesidades anteriormente indicadas, xurdidas durante o presente exercicio, propónse a modificar o presuposto deste ano.

Procedese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P e do P.S de G. e en contra do sr. Canabal acórdase:

A/ MODIFICACIÓN PLAN DE INVESTIMENTOS

1. Modificar o plan de investimentos previsto no presuposto xeral municipal deste ano coa finalidade de excluír da partida presupostaria 322.619,00 a construción dun Telecentro por importe de 100.000 € dos cales 74.068,64 € son financiados pola xunta e 25.931,36 € con fondos municipais.

B/ MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA

2. Transferir á partida 352.226,00 de gasto os seguintes importes:
 - a) Da partida 322.619,00 ----- 25.931,36 €
 - b) Da partida 411.212,00 ----- 12.593,75 €
3. Transferir á partida 011.310.01 de gastos, 1.975,92 € da partida 411.212,00.
4. (Emenda) Transferir á partida 011.311.00 de gastos, 3.300,00 € da partida 411.212,00.

C/ RESUMO POR CAPÍTULOS DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS

1. Con estas modificacións o presuposto xeral municipal 2012 quedará tal como segue:

ESTADO DE INGRESOS

ESTADO DE GASTOS

Cap.	P. inicial	incremento	Diminuc	P.definit	Cap.	P. inicial	incremento	Diminuci	P.definit
1	747.106,21			747.106,21	1	1.324.699,24			1.324.699,24
2	50.000,00			50.000,00	2	1.027.596,65	25.931,36	5.275,92	1.048.252,09
3	277.000,39			277.000,39	3	29.853,32	5.275,92		35.129,24
4	1.718.565,54			1.718.565,54	4	285.853,65			285.853,65
5	13.000,00			13.000,00	5	---			---
6	---			---	6	537.571,63		25.931,36	511.640,27
7	459.162,47			459.162,47	7	---			---
8	6.295,44			6.295,44	8	10.000,00			10.000,00
9	---			---	9	55.555,56			55.555,56
Tot	3.271.130,05			3.271.130,05	Tot	3.271.130,05	31.207,28	31.207,28	3.271.130,05

2. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello durante 15 días hábiles.

6.Incremento IPC (1,9%) tarifas saneamento e abastecemento

Dáse conta dos seguintes expedientes tramitados para o incremento das tarifas de saneamento e abastecemento polo importe do IPC que corresponde ao mes de xuño e é do 1,9%.

Por este motivo e tendo en conta que co incremento do IPC non se produce alteración do equilibrio económico posto que dito incremento afecta tanto aos usuarios como ao concello, propónse incrementar as tarifas non sendo necesario neste caso realizar un estudo económico.

Son máis procédese coa votación, e cos votos a favor do P.P e en contra do P.S. de G. e o sr. Canabal, acórdase:

A/ Incrementar as tarifas do servizo de abastecemento mediante a aplicación do IPC (1,9%) correspondente ao período xuño 2011 – xuño 2012, resultando os seguintes para o ano 2013:

A)

1.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO

1.1 Abonados domésticos :

	Ano 2012 Total tarifa	Ano 2013 Tarifa a aboar usuarios co incremento do 1,9 %	Ano 2013 Indemnización Espina&Delfín	Canon 2013 concello

Cota fixa	4,652 €/ab.mes	4,740 €/ab. mes	3,704 €/ab. mes	1,036€/ab. mes
Consumo :				
1º Bloque : 0 a 10 m³/ab. mes	0,337 €/m3	0,343 €/m3	0,268 €/m3	0,075 €/m3
2º bloque : más de 10 a 20 m³/ab.mes	0,419 €/m3	0,427 / m3	0,333 €/m3	0,094 €/m3
3º bloque : más de 20 a 40 m³/ab.mes	1,268 €/m3	1,292 / m3	1,010 €/m3	0,282 €/m3
Excesos : más de 40 m³/ab.mes	1,349 €/m3	1,375 / m3	1,074 €/m3	0,301 €/m3

Abonados industriais, comerciais e obras

	Ano 2012	Ano 2013 Tarifa a aboar usuarios co incremento do 1,9 %	Ano 2013 Indemnización Espina&Delfín	Canon 2013 concello
Cota fixa	6,218 €/ab.mes	6,336 €/ab. mes	4,950 €/ab. mes	1,386 €/ab. mes
Consumo :				
Por cada m3 consumido	0,715 €/m3	0,729 €/m3	0,569 €/m3	0,16 €/m3

Gandarías

Terán un desconto do 50% sobre as cotas de industrial e comercial

1.2 .- O Canon será ingresado pola empresa na conta bancaria do concello dentro da última semana do terceiro mes seguinte ao período facturado.

2.- ALTAS DE CONTRATO (abastecemento e saneamento)

- Por vivenda 53,68 €/ud
- Por local comercial 107,37 €/ud
- Por planta baixa sen dividir

O importe obterase de multiplicar 107,37 € polo número de vivendas que corresponde por planta

Industrias situadas fora de Polígono Industrial

- Áta 2 obreiros 107,37 €/ud
- Máis de 2 ata 20 obreiros 322,11 €/ud
- Máis de 20 ata 50 obreiros 536,85 €/ud
- Máis de 50 obreiros 1.073,69 €/ud

Naves industriais situadas en Polígonos Industriais

- Áta 500 m ²	536,85 €/ud
- Máis de 500 ata 2.000 m ²	1.073,69 €/ud
- Máis de 2.000 m ²	1.610,54 €/ud

Promotores de 2 ou máis vivendas unifamiliares (*) 551,34 €/viv.

Promocións de vivendas colectivas (edificios colectivos) 551,34 €/viv.

(*) O aboamento de la taxa efectuarase pola empresa promotora da edificación e será por cada vivenda no caso de promocións de vivendas unifamiliares e por cada vivenda no caso de promocións de vivendas colectivas

AÑO 2012 (1,9%) AÑO 2013

3.- COTA POR CONSERVACIÓN DE CONTADORES Y ACOMETIDAS

0,739 €/ab.mes 0,753 €/ab.mes

4- XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS

Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

4,22 €/ud 4,30 €/ud

5.- DESPRECINTADO DE CONTADOR

Por desprecintado de contador 17,41 €/ud 17,74€/ud.

6.- CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMIENTO E PRECINTADO DE RACORES

Por conexión á rede e precintado dos racores de contadores non colocados polo persoal do servizo.

19,34 €/ud 19,71 €/ud.

B)

1.- PREZO DE ACOMETIDAS DO SERVIZO DE ABASTECIMIENTO

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5 m. de lonxitude máxima.

(1 a 5 m.)

Materiais

- Colariño de toma
- Enlaces
- Tubería de PEAD
- Chave de paso
- Tapa de fundición de 15 x 25

OBRA CIVIL

- Arqueta para colocación de tapa de 15 x 25
- Lonxitude de gabia máximo 5 m.

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida y do tipo de reposición a realizar na gabia.

<u>Ø Acometida</u>	<u>Terra (A)</u>	<u>Asfalto (B)</u>	<u>Baldosa-beirarrúa (C)</u>
¾"	368,32	413,27	451,74
1"	391,36	444,27	471,45
1¼-1½"	430,66	479,68	525,92
2"	474,59	521,34	569,90

- Para as acometidas de lonxitude superior a 5 m. calcularase o custo de acordo co seguinte cadro de prezos:

Acometidas de máis de 5

<u>mts.</u>	<u>¾"</u>	<u>1"</u>	<u>1¼"-1½"</u>	<u>2"</u>
(A) incremento € por m.	9,74	11,39	16,19	27,28
(B) incremento € por m.	17,95	23,10	27,88	38,50
(C) incremento € por m.	25,68	27,39	32,17	42,58

2.- PREZO DE INSTALACIÓN DE CONTADOR

2.1.- Instalación de contador de 15 mm. en batería de contadores ou similar

- Contador de 15 mm.
- Válvula antiretorno
- Pezas de conexión

TOTAL 76,58 €. **78,04 €.**

2.2.- Contadores de diámetro superior a 15 mm.

Farase presuposto para cada caso.

2.3.- Tarifa de contadores (sen colocación)

TARIFA DE CONTADORES

(sen colocación)

Ø15 mm.	57,57	€/ud
Ø20 mm.	77,53	€/ud
Ø25 mm.	126,22	€/ud
Ø30 mm.	176,45	€/ud
Ø40 mm.	273,46	€/ud
Ø50 mm.	597,66	€/ud
Ø65 mm.	740,93	€/ud

B/ Incrementar as tarifas do servizo de saneamento mediante a aplicación do IPC (1,9%) correspondente ao período xuño 2011 – xuño 2012, resultando os seguintes para o ano 2013:

A) ALTAS DE CONTRATO

As taxas de alta a aboar no momento da sinatura do contrato establécense nas seguintes contías dependendo do tipo de abonado:

Por vivenda.....53,68 euros/ud.

Por local comercial.....107,37 euros/ud

Por planta baixa sen dividir o importe obtérase de multiplicar 107,37 euros polo número de vivendas que corresponda por planta.

Industrias situadas fóra de polígonos

Ata dous obreiros.....107,37/ ud euros.

Máis de dous ata vinte obreiros322,11/ud euros.

Máis de vinte ata cincuenta obreiros 536,85/ud euros.

Máis de cincuenta obreiros.....1.073,69 /ud euros.

Naves industriais situadas en polígonos industriais:

Ata 500 m²..... 536,85 euros /ud

De 500 m² a 2.000 m² 1.073,69 euros / ud

De máis de 2.000 m² 1.610,54 euros /ud

Promotores de dúas ou máis vivendas unifamiliares(*).....551,34 euros/ vivenda.*

Promoción de vivendas colectivas(edificios colectivos)....551,34 euros/ vivenda.*

* O aboamento da taxa efectuarase pola empresa promotora da edificación e será por cada vivenda no caso de promoción de vivendas unifamiliares e por cada vivenda no caso de promoción de vivendas colectivas.

B) CONSUMO

B1).-Abonados de saneamento con servizo municipal de abastecemento.

As tarifas do ano 2012 incrementáanse no IPC correspondente ao mes de xuño que é o 1,90%, resultando as seguintes para o ano 2013:

COTA FIXA

		ANO 2.012 ANO 2.013	
		€/trim	€/trim
GRUPO 1º	Vivenda (por unidade), comercios menores (ata 2 empregados), despachos e oficinas (ata 2 empregados), locais en galerías, ferraxarías, tendas de electrodomésticos, e semellantes.	10,57	10,77
GRUPO 2º	Industrias de ata 5 obreiros, clínicas médico sanitarias, despachos y oficinas de máis de 2 empregados, academias, comercios maiores de máis de 2 empregados, perruquerías, talleres de motos e bicicletas, panaderías e semellantes. Ademais, tabernas, bares, churrasquerías, cafeterías, e restaurantes sen hospedaxe ata 150 m ² , e semellantes	15,08	15,37
GRUPO 3º	Industrias de 5 a 20 obreiros, clubs nocturnos, restaurantes e churrasquerías con hospedaxes ata 20 habitacións, tabernas, bares, churrasquerías, cafeterías e restaurantes sen hospedaxe de mais de 150 m ² , pastelerías, carnicerías, peixarías, talleres de coches, materiais de construción, marmorerías e semellantes.	22,63	23,06
GRUPO 4º	Tinturerías, lavanderías, imprentas, hospedaxes de mais de 20 habitacións, e industrias de 20 a 30 obreiros, e semellantes.	66,38	67,64
GRUPO 5º	Industrias de mais de 30 obreiros, talleres de lavado e engraxe, talleres mecánicos en polígonos industriais, naves industriais en polígonos, talleres de rodas, centros médicos, colexios, gasoleiras, e semellantes.	90,52	92,24

Por m³ de auga consumido ou verteduras a rede municipal de saneamento : 0,285320 /m³

En canto ós prezos de execución de acometidas serán os mesmos do ano 2012 incrementados no referido IPC do 1,90 %:

Ud. acometida de auga residual formada por arqueta de saída, canalización de P.V.C. Ø160-250/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente con peza estanca de enlace, para unha profundidade máxima de 1,5 m. e unha lonxitude máxima de 5 m.

Gabia en terra 370,43 €/ud.

Gabia en asfalto 399,41 €/ud.

Gabia en beirarrúa

439,14 €/ud.

Non haberá canon a favor do concello. Tampouco subvención a favor da empresa.

B2).-Abonados de saneamento sen servizo municipal de abastecemento.

Cota fixa:

Grupo 1 (media 10 m ³ / mes)	6,4329 € / aboad. mes
Grupo 2 (media 15 m ³ / mes)	7,9665 € / aboad. mes
Grupo 3 (media 20 m ³ / mes)	10,5242 € / aboad. mes
Grupo 4 (media 25 m ³ / mes)	25,3527 € / aboad. mes
Grupo 5 (media 35 m ³ / mes)	33,5353 € / aboad. mes

Sen canon nin subvención se o concello aproba estes importes.

B3).- Abonados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento e verquido de gran caudal.

Aqueles abonados/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente o conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo aparatos para medida do caudal verquido á rede; esta medición servirá de base para a facturación. De mutuo acordo entre empresa e concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal verquido a efectos da facturación.

COTA FIXA ANO 2013

GRUPO 1	10,7708 €/ab.trim
GRUPO 2	15,3665 €/ab.trim
GRUPO 3	23,0600 €/ab. trim
GRUPO 4	67,6412 €/ab. trim
GRUPO 5	92,2399 €/ab. trim
Verteduras:	0,285320 €/ m ³

Estas contías serán incrementadas no importe correspondente ao imposto de valor engadido (IVE)

7.Rexeitamento da alegación presentada por Espina&Delfín e proposta declaración de nulidade do acordo adoptado o 14-03-2012

Dáse conta da alegación presentada pola empresa adxudicataria do servizo de abastecemento, Espina&Delfín, con data 1 de agosto 2012. En dita alegación solicita que a revisión de oficio non alcance a revisión de das condicións económicas do contrato administrativo de referencia no que atañe á non asunción pola empresa dos custos asociados aos consumos de enerxía eléctrica, que deberán continuar sendo

sumidos polo concello de Boqueixón tal e como ven sucedendo desde o inicio da prestación contractual.

Sen máis por unanimidade, tendo en conta os seguintes:

Antecedentes:

1/ En sesión plenaria celebrada o 14 de marzo de 2012 acordouse:

- a- Aceptar o estudo económico presentado pola empresa adjudicataria do servizo de abastecemento Espina Delfín, para adiantar o aboamento do canon que corresponde ao concello durante a vixencia do contrato (ano 2044), ás anualidades 2012 – 2020 e en consecuencia ingresar ao concello os seguintes importes nas seguintes anualidades:

2012_____ 91.180,00 €

2013_____ 93.459,50 €

2014_____ 95.795,99 €

2015_____ 98.190,89 €

2016_____ 100.645,66 €

2017_____ 103.161,80 €

2018_____ 105.740,85 €

2019_____ 108.384,37 €

2020_____ 111.093,98 €

- b- Das contías anteriormente citadas a empresa deducirá o importe correspondente á facturación polo consumo de enerxía eléctrica da EDAR de Orto e o Bombeo do río Ulla. A partires deste ano 2020, a facturación por este consumo de enerxía eléctrica será a cargo do concello.

2/ En sesión plenaria celebrada o 11 de xullo de 2012 acordouse:

- a- Incoar o expediente de revisión do oficio do acordo anteriormente descrito.
- b- Solicitar ditame ao consello consultivo da Xunta de Galicia.
- c- Comunicar o acordo á empresa Espina Delfín e darlle un prazo de 10 días para presentación de alegacións que estime pertinentes.

3/ Con data 1 de agosto 2012, rexistro de entrada nº 12/1928 recíbese no concello unha alegación presentada pola empresa. Dita alegación foi presentada en prazo e solicita que “a revisión de oficio non alcance a revisión das condicións económicas do contrato administrativo de referencia no que atañe á non asunción pola empresa dos custos asociados aos consumos de enerxía eléctrica, que deberán continuar sendo asumidos polo concello de Boqueixón tal e como ven sucedendo desde o inicio da prestación contractual.”

Consideracións xurídicas

A revisión de oficio dos actos da administración pública ten que basearse na nulidade do pleno dereito de aqueles por concorrer un dos supostos contemplados no artigo 62.1 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Neste caso, no acordo adoptado polo pleno na sesión celebrada o 14 de marzo de 2012 por un lado causase grave prexuízo económico ás arcas municipais e engadidamente aos usuarios do servizo que se verán abocados a un notable incremento das tarifas, mentres que a empresa concesionaria percibirá as tarifas incrementadas co 28% aprobado no pleno do 9 de novembro de 2011 con motivo da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo abastecemento de auga. Por outro lado, xustifícase a acumulación do canon nos anos 2012 – 2020 pola execución de obras de ampliación pendentes no servizo sen concretar nin cuantificar as novas prestacións a contratar. Todo elo prescindindo do procedemento legalmente establecido e das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados posto que se está a modificar o contido da ordenanza reguladora da taxa sen seguir o procedemento legal procedente establecido no artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local e no artigo 17 da Lei reguladora das Facendas Locais.

Isto implica que o pleno debería aprobar dita modificación, expoñer ao público durante 30 días e no caso de non presentarse reclamacións considerar definitivamente aprobada a modificación e publicar o texto íntegro da nova ordenanza. Pola contra, non só non se tramitou expediente para modificar a ordenanza producíndose deste xeito indefensión aos veciños, senón que con data 16 de decembro 2011 realizouse unha sesión plenaria urxente co fin de aceptar parcialmente unha alegación presentada polo concelleiro do BNG (actualmente concelleiro non adscrito) contra a modificación da ordenanza aprobada no pleno do 9 de novembro de 2011, coa finalidade de incluír na ordenanza o canon a percibir polo concello e a data do seu ingreso na conta bancaria, (a última semana do terceiro mes seguinte ao período facturado). Con isto quedou aprobado, e así se publicou no BOP, que as tarifas se incrementarán no IPC para Espina Delfín máis o 28% para o concello (co fin de aboar os custos xerados pola facturación de enerxía eléctrica da EDAR de Orto e o Bombeo do río Ulla.

Pois ben, na sesión plenaria do 14 de marzo de 2012 estas normas incumpríronse acadando esta irregularidade entidade suficiente para asumila nun suposto de nulidade de pleno dereito.

En canto á alegación presentada pola concesionaria, debemos ter en conta que o obxecto desta revisión é o acordo plenario do día 14 de marzo de 2012 que se refire unicamente:

- Ao aboamento do canon (28%) por Espina Delfín ao Concello, nas anualidades 2012 – 2020 deducindo do importe deste canon, o correspondente á facturación polo consumo de enerxía eléctrica da EDAR de Orto e o Bombeo do río Ulla.
- A partires do ano 2020, a facturación por estes consumos de enerxía eléctrica reverterá ao concello. Sen embargo, o concello deixa de percibir o canon cuxo importe será percibido pola empresa concesionaria.

Pola contra non é obxecto desta revisión o acordo plenario de 2004 no cal se adjudicou a Espina Delfín o contrato.

Sen embargo na súa alegación Espina Delfín alega a improcedencia de revisar, as condicións económico – financeira sobre as que foi adjudicado o contrato no pleno do 2004. Refírese, concretamente, Espina Delfín a non asumir os custos derivados do consumo de enerxía eléctrica tanto do Bombeo no río Ulla como os da EDAR de Orto.

Pois ben, e tan so con carácter aclaratorio e tendo en conta que en nada afecta a esta revisión, dicir que:

- 1- o prego aprobado no seu momento para a contratación da concesión do servizo tiña e ten como abxecto a xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga tal como así se indica na cláusula I, e na cláusula 7 establece que o concesionario tomara ao seu cargo as obras e instalacións adscritas ao servizo, sendo responsable do seu funcionamento e conservación. Estas operacións de conservación e mantemento comprenden (entre outras): a vixilancia, control e mantemento das estacións de Bombeo e EDAR.
- 2- Que no estudo económico que se axuntou á proposición económica presentada por Espina Delfín, entre os gastos fixos reflíctense expresamente os de mantemento e conservación dos bombeos de auga potable e os de mantemento e conservación da EDAR, e entre os gastos variables sinalase que os custos de enerxía eléctrica do bombeo do río Ulla e os da EDAR de Orto serán por conta do concello, indicando ademais, que o **total** enerxía eléctrica saneamento é de 00,00 €/ano.
- 3- Que no contrato asinado entre o concello e a concesionaria nada se indica en canto a exclusión dos referidos gastos de enerxía eléctrica, ao contrario, na cláusula **sexta** declarase que o concesionario coñece o prego que forma parte integrante do contrato.

En definitiva, tendo en conta que o procedemento tramitado refírese unicamente a revisión do acordo adoptado na sesión plenaria celebrada o 14 de marzo de 2012 que se indica no antecedente primeiro deste informe e tendo en conta, así mesmo, que a causa invocada pola empresa concesionaria na súa alegación en nada afecta a esta revisión de oficio por referirse ao acordo plenario do 14 de xullo de 2004, **acórdase**:

- 1.- Rexeitar a alegación presentada pola empresa concesionaria, Espina Delfín con data 1 de agosto de 2012 rexistro nº 1928.
- 2.- Declarar nulo o acordo adoptado en sesión plenaria celebrada o 14 de marzo de 2012 relativo ao anticipo do aboamento do canon, previo informe favorable do Consello Consultivo de Galicia.
- 3.- Remitir o expediente ao Consello Consultivo para a emisión do citado informe.
- 4.- comunicar este acordo á empresa Espina Delfín.

8.Aprobación do Plan DTC94: Unha Deputación para todos os concellos

Con data 1 de agosto de 2012, rexistro de entrada nº 12/1932, ten entrada no concello un escrito da Deputación provincial para elaboración do plan DTC94: unha deputación para todos os concellos, para o cal se destina ao concello de Boqueixón 192.207,44 €. Neste plan o concello pode destinar a cantidade asignada ao financiamento de gastos correntes do concello da anualidade 2012.

Co POS 2012 o concello destinou o 60 % (129.136,78) da contía total concedida (215.227,974) a gastos correntes, concretamente ao financiamento do subministro de enerxía eléctrica cuxo importe total ascendía 300.000 € no presuposto municipal 2011. Con este plan DTC 94, o total asignado destinase á financiación do seguinte gasto corrente previsto no presuposto municipal 2012:

Partida 341,209	3.914,88 (indemnización Espina Delfín polo abastecemento)
Partida 411.120,121	26.852,32 (persoal mantemento accesos aos núcleos)
Partida 342.130,143,160	53.018,38 (persoal recollida lixo)
Partida 342.213	85.000,00 (reparacións, Sogama, punto limpo, etc...)
Partida 342.221	18.000,00 (carburante)
Partida 332.212	<u>43.959,24</u>
Total	230.744,82

Sen máis procedese coa votación e por unanimidade acórdase:

1/ Participar no plan DTC 94 “Unha Deputación para todos os concellos” da deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicita a aplicación da subvención asignada á seguinte finalidade:

D.- Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012:

CONCELLO	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
Boqueixón	192.207,44	129.136,78	-

E.- RESUMO:

Subtotal gastos correntes	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
Total	192.207,44	-	129.136,78 (POS 2012)	-

2/ Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarias.

3/ Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións correntes, doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100 % do seu imposto.

4/ Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.Festivos locais 2013

Con data 20 de agosto 2012, rexistro de entrada nº 253, recíbese no concello a circular da consellería de Traballo e Benestar, pola que se solicita ao concello de Boqueixón que designe os dous días de festa local no municipio no ano 2013.

No presente ano 2012 establecéronse como festivos locais o martes de Entroido e o 16 de agosto (San Roque). O martes de Entroido estableceuse porque o día de San Vicente, 22 de xaneiro, tradicionalmente festa local en Boqueixón, neste ano coincidía en domingo. Sen embargo no 2013 coincide co día martes da semana, por isto, é intención desta alcaldía propoñer novamente festa local o día 22 de xaneiro xunto co 16 de agosto, San Roque.

Polo que, propoño ao pleno designar os seguintes festivos locais 2013:

- 22 de xaneiro – San Vicente
- 16 de agosto – San Roque

Por unanimidade acórdase designar os seguintes festivos locais 2013:

- 22 de xaneiro – San Vicente
- 16 de agosto – San Roque

10.Moción de Unións Agrarias, Asaja e Sindicato Labrego Galego

Dáse conta da moción presentada no concello o 8 de agosto 2012, rexistro de entrada 12/1991, na cal se solicita que se solicite ao presidente da xunta de Galicia o seguinte paquete de medidas:

As organizacións profesionais agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO trasladan ós Grupos políticos con presenza nesa Corporación Municipal para que, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno a MOCIÓN que a continuación se recolle:

Exposición de motivos

O rural de Galicia está a afrontar un tempo de incertezas económicas agravado en boa medida polo diferencial de prezos do leite con España e Europa. Os gandeiros galegos son os que reciben un prezo máis baixo polo seu leite de toda España. En maio de 2012 os gandeiros galegos recibiron 29,2€/100 litros, que está un 5,5% por baixo do prezo

medio estatal e un 15,61% por baixo do que perciben os produtores valencianos. As diferenzas de prezo entre Comunidades Autónomas danse incluso entre gandeiros que entregan á mesma empresa.

EVOLUCIÓN DE PRECIOS €/litro (medias ponderadas)														
Comunidad Autónoma	PERIODO 2011/2012												2012/2013 (ponderadas)	
	Abr.	May.	Jun.	Jul.	Ago.	Sep.	Oct.	Nov.	Dic.	Ene.	Feb.	Mar.	Abr.	Mayo
Andalucía	0,350	0,349	0,343	0,340	0,341	0,352	0,358	0,363	0,364	0,364	0,363	0,354	0,352	0,345
Aragón	0,325	0,323	0,324	0,324	0,327	0,335	0,347	0,347	0,347	0,347	0,344	0,337	0,321	0,312
Asturias	0,327	0,328	0,338	0,337	0,334	0,337	0,342	0,346	0,346	0,346	0,348	0,346	0,345	0,329
Baleares	0,295	0,294	0,295	0,293	0,298	0,300	0,304	0,306	0,303	0,300	0,304	0,298	0,297	0,303
Cantabria	0,303	0,302	0,313	0,301	0,302	0,308	0,319	0,321	0,334	0,317	0,315	0,310	0,300	0,294
Castilla-La Mancha	0,331	0,328	0,329	0,327	0,331	0,341	0,354	0,357	0,360	0,355	0,352	0,346	0,337	0,331
Castilla y León	0,316	0,315	0,312	0,316	0,321	0,331	0,337	0,339	0,341	0,336	0,331	0,323	0,319	0,314
Cataluña	0,323	0,318	0,333	0,322	0,325	0,348	0,341	0,342	0,362	0,343	0,343	0,340	0,325	0,318
Extremadura	0,343	0,338	0,335	0,335	0,336	0,343	0,352	0,357	0,358	0,353	0,354	0,346	0,345	0,338
Galicia	0,303	0,303	0,303	0,305	0,306	0,313	0,320	0,323	0,323	0,318	0,315	0,309	0,299	0,292
Madrid	0,319	0,319	0,317	0,316	0,322	0,331	0,342	0,343	0,346	0,341	0,339	0,332	0,326	0,318
Murcia	0,327	0,327	0,328	0,327	0,326	0,332	0,335	0,335	0,335	0,333	0,330	0,325	0,317	0,316
Navarra	0,319	0,316	0,318	0,324	0,324	0,332	0,341	0,340	0,340	0,333	0,332	0,324	0,317	0,310
País Vasco	0,321	0,318	0,320	0,319	0,318	0,326	0,334	0,338	0,338	0,338	0,336	0,329	0,329	0,324
La Rioja	0,330	0,325	0,322	0,327	0,335	0,340	0,357	0,352	0,364	0,353	0,351	0,327	0,321	0,293
C.Valenciana	0,348	0,347	0,348	0,345	0,347	0,354	0,360	0,360	0,360	0,360	0,360	0,354	0,350	0,346

Fonte: FEGA

Respecto do prezo percibido polos gandeiros galegos é un 5,48% inferior ao de Portugal, un 1,10% inferior ao de Francia, un 5,65% inferior ao de Alemaña e un 12,16% inferior ao de Holanda.

PRICES of Cow's raw milk in EURO/100 kg

05-jul-12

Source : Regulation (EC) No 479/2010 Article 2

	dk	de	es	fr	ie	it	lu	nl	at	pt	uk	Arithmetic averages				Weighted EU Average	% compared to previous month (*)
												EU-15	EU-10	EU-2	EU-27		
2011m01	35,00	33,12	30,97	33,20	31,76	37,46	31,82	35,65	34,99	30,96	29,54	34,52	32,34	29,85	33,84	33,2	- 0,3%
2011m02	34,50	33,20	30,97	33,06	32,92	37,48	31,63	35,65	34,62	31,14	29,91	34,88	32,94	29,98	34,08	33,3	+ 0,4%
2011m03	34,50	34,06	30,87	32,08	32,44	37,61	31,70	36,00	34,37	31,02	29,80	34,45	33,27	30,62	34,24	33,3	- 0,1%
2011m04	34,50	34,20	30,58	30,41	32,15	38,38	32,04	36,00	34,15	30,65	29,06	34,31	33,69	30,88	34,32	33,0	- 0,8%
2011m05	35,50	34,44	30,49	30,53	32,05	38,37	31,87	38,00	34,63	30,58	29,17	34,54	33,41	30,33	34,34	33,2	+ 0,8%
2011m06	35,50	34,39	30,78	33,72	33,31	38,37	31,88	38,00	34,56	30,58	29,18	34,95	32,87	29,43	34,34	33,8	+ 1,6%
2011m07	36,00	34,53	30,68	35,44	33,70	38,80	31,86	38,00	34,59	30,51	29,82	35,13	32,76	29,36	34,42	34,2	+ 1,3%
2011m08	36,50	34,74	30,87	35,64	34,57	38,80	32,72	37,25	34,60	30,69	30,55	35,71	32,62	29,63	34,72	34,4	+ 0,5%
2011m09	36,00	35,48	31,65	36,41	37,00	39,00	33,89	36,25	35,48	31,99	31,21	36,36	32,67	30,02	35,12	34,8	+ 1,2%
2011m10	36,50	36,43	32,23	33,65	38,26	39,04	34,50	37,00	36,74	32,22	32,39	36,83	33,25	31,66	35,68	34,9	+ 0,4%
2011m11	37,00	36,90	32,52	33,13	37,97	39,07	35,08	37,25	38,03	32,42	33,25	37,02	33,51	31,55	35,86	35,1	+ 0,6%
2011m12	36,50	35,71	32,82	32,33	35,84	39,05	34,53	37,50	38,12	32,17	33,74	36,78	33,52	31,97	35,70	34,7	- 1,2%
2012m01	36,00	33,75	32,33	34,19	34,48	39,05	33,42	36,50	37,17	32,08	33,80	36,27	33,49	31,57	35,37	34,4	- 1,0%
2012m02	35,00	33,40	32,14	34,47	34,28	39,63	33,77	35,75	37,08	31,89	33,54	36,10	33,91	31,09	35,37	34,4	+ 0,0%
2012m03	34,00	32,70	31,46	32,74	33,41	39,63	33,14	34,25	36,48	30,94	33,38	35,13	33,49	30,28	34,55	33,5	- 2,5%
2012m04	34,00	31,95	30,78	29,90	30,88	39,63	32,30	33,75	34,78	31,18	32,86	34,27	32,30	28,32	33,53	32,3	- 3,5%
2012m05	34,00	30,85	30,78	29,52	28,84	39,63	29,63	32,75	33,73	30,80	32,57	33,48	31,03	27,36	32,61	31,6	- 2,3%
2012m06								32,00									
MEDIA	35,35	34,11	31,35	32,97	33,76	38,76	32,69	36,21	35,54	31,28	31,40	35,32	33,01	30,23	34,59	33,8	
Xaneiro 2011 - Maio 2012																	

Fonte: CIRCA. UE

Unha situación que se veu agravada pola suba dos custos de produción e a seca que vivimos a última primavera. Así, nos últimos anos os custos de produción e o prezo do

leite evolucionaron de maneira moi diferente: os fertilizantes, os combustibles, a electricidade e o penso para vacún de leite experimentaron subas espectaculares mentres que o prezo do leite apenas experimentou cambios. Dende o ano 2005 os ingresos por venda de leite subiron un 0,9% e os custos de explotación subiron un 29,6% (os alimentos para o gando subiron un 33,9%, os fertilizantes un 60,2%, os gastos enerxéticos un 50,4%) o que motivou unha caída da renda do 43%.

Índice de prezos percibidos e pagados. Ano 2005 = 100

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Leite	100	99,7	123	124	93,2	96,2	100,9
Alimentos gando	100	101,2	115,6	133,3	112	115,5	133,9
Fertilizantes	100	103,6	110,2	181,8	150,7	133	160,2
Enerxía	100	107,8	111,1	133,6	106,3	127	150,4

Fonte: MAGRAMA

Estes factores debuxan, en definitiva, un escenario pouco alentador para os que vivimos do sector primario en Galicia. Tal é así, que o lácteo galego está ao borde da súa desaparición e con el non só un tecido económico que da emprego a mais de 66.000 persoas na nosa Comunidade Autónoma, entre emprego directo, indirecto e inducido, asentado no rural, en pequenos autónomos, en actividades coma a construción, o comercio, a hostalería, talleres, servizos de contratación de maquinaria e outros. É un feito ben sabido que moitas das comarcas do rural galego teñen unha total dependencia económica do sector, pois a redución nos ingresos do leite reduce á súa vez os ingresos doutras actividades das zonas rurais, que contribúen de xeito capital ao mantemento dun medio cada vez máis despoboado.

As organizacións de produtores trasladámoslle ao Presidente da Xunta de Galicia o pasado día 5 de xuño no marco da Mesa do Leite, a necesidade de impulsar diante do Goberno do Estado unha iniciativa política urxente e contundente que impida o estrangulamento financeiro do sector lácteo. Así mesmo, fixemos fincapé na importancia

do impulso dun acordo entre industria, produtores e Administración para acadar unha postura común diante da distribución de cara a impedir que as explotacións galegas, a pesar de teren un mercado de proximidade deficitario de leite, vexan como as francesas perciben un maior prezo a pesar de estar nun marco claramente excedentario.

A día de hoxe seguimos sen solucións, e a situación do sector é aínda máis sombría, xa que dende entón, producíronse novas baixadas de prezos ó produtor, e pola contra, as materias primas para a fabricación de pensos, seguiron disparándose, especialmente a soia.

Polo exposto, as organizacións profesionais agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO, SOLICITAN a presentación desta MOCIÓN diante do pleno da corporación municipal de Boqueixón, para apoiar nas administracións correspondentes, e solicitar do Presidente da Xunta de Galicia o seguinte paquete de medidas:

1º Esixir aos Ministerios de Agricultura e Economía que non permitan que a distribución francesa e alemá nos trate como o sumidoiro para a súa produción láctea a custa de arruinar zonas produtoras como Galicia.

2º Que no exercicio das súas responsabilidades tome as iniciativas oportunas para impedir a discriminación de prezos que as empresas exercen sobre o leite galego, articulando mesas de negociación entre produtores, industria e distribución semellantes as que se deron en países veciños como Francia.

3º A posta en marcha dun observatorio de prezos das materias primas, que permita valorar a súa evolución de xeito transparente.

4º Que formule nas instancias que corresponda e con urxencia, as modificacións normativas que aseguren unha aplicación axeitada dos contratos no sector lácteo. A pesar do inmediato destes cambios, algunhas cuestións legais están pendentes de regular, tales coma os criterios de fixación do volume nos contratos ou a necesidade de regular a figura do mediador con capacidade de resolver discrepancias entre produtores e industria.

5º Que traslade á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e, sobre todo, que actúe de xeito decidido contra o déficit de terra que padecen as explotacións galegas, que está a limitar a rendibilidade das mesmas e a comprometer o futuro das axudas europeas que estarán ligadas á superficie agraria.

Sen máis procédese coa votación e pro unanimidade aprobouse a moción presentada por Unións Agrarias, Asaja e Sindicato Labrego Galego.

Neste momento, sendo as 21:45 horas o sr. alcalde di que por motivos persoais ten que abandonar o pleno e pasa a presidilo o concelleiro sr. Sanjuás Mera.

11. Información da alcaldía.

Dáse conta dos decretos habidos desde o día 06/07/2012 ata o 07/09/2012.

PUNTO URXENTE

Utilización das instalacións deportivas mentres dure a redución de horario do monitor deportivo municipal por conciliación de vida persoal, familiar e laboral.

Xustifícase a urxencia porque o día 12 deste mes iniciase o curso lectivo de infantil e primaria, polo que a xanela debe estar elaborada nesta data co fin de dar coñecemento dela a ese colectivo.

Por outro lado o 29 de agosto 2012 recíbese o escrito do xulgado do social nº 3 de Santiago de Compostela no cal se nos comunica, en relación co escrito enviado polo monitor deportivo do concello ao referido Xulgado o 12 de xullo 2012 solicitando ampliación de horario, que se este ao acordado polo Decreto de 5 de xullo 2012. É dicir, procedemento xudicial finalizado e polo tanto cumprir o horario establecido na sentenza xudicial do 12 de xaneiro 2012.

Por outro lado, tendo en conta que no horario de mañá que ten asignado o monitor deportivo non se imparten actividades de ningún tipo polo que a súa carga de traballo é mínima, a concelleira solicítalle un programa de posibles actividades a impartir polo que o monitor propuxo a realización das que logo se indican no seu horario de mañá. Recibida esta documentación en Secretaría o día 10 de setembro de 2012 é polo que non se puido incluír este punto na orde do día do pleno, e polo tanto se somete a aprobación da urxencia.

Sometido a votación a urxencia do punto e aprobado por unanimidade.

Unha vez aprobada a declaración de urxencia, sometese á aprobación do pleno o seguinte punto a incluír na orde do día:

AMPLIACIÓN HORARIO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MENTRES DURE A SITUACIÓN DE REDUCCIÓN DE HORARIO DO MONITOR DEPORTIVO MUNICIPAL (DON RICARDO ROMERO PÉREZ) POR CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

A sentenza do 12 de xaneiro de 2012 do xulgado do social nº 3 de Santiago de Compostela no recurso 1392/2011 establece o seguinte horario a desempeñar polo monitor deportivo municipal por motivo de conciliación da vida persoal, familiar e laboral:

Luns a venres de 10 a 14:00 horas

Martes e xoves de 17 a 18:45 horas

O regulamento de utilización das instalacións do ximnasio municipal aprobado en pleno do 8/11/2000, modificado en pleno do 14/12/2011, establece no artigo 18 que o horario de apertura é de 16 a 22:00 horas de luns a venres.

Posteriormente con motivo da elaboración da xanela, o monitor deportivo propón á concelleira de educación, cultura e deportes, realizar determinadas actividades deportivas no seu horario de traballo de mañá, concretamente actividades de CROSSFIZ, DEFENSA PERSOAL E XIMNASIA TERAPÉUTICA.

Sen máis procedese coa votación e por unanimidade acórdase:

1/ Modificar o artigo 18 parágrafo 2º, do regulamento de utilización das instalacións do ximnasio municipal e establecer o seguinte horario de apertura:

De luns a venres de 10 a 14:00 horas de mañá

Martes e xoves de 16 a 22:00 horas de tarde

2/ Esta modificación comezará a aplicarse a partires do día 1 de outubro deste ano e estará vixente mentres dure a situación de redución de horario do monitor deportivo establecido por sentenza xudicial e sempre que existan usuarios.

3/ Unha vez finalizado o período de redución de xornada do monitor deportivo, o horario de apertura das instalacións deportivas do ximnasio volverá ser de 16 a 22:00 horas, sen prexuízo de que o pleno da corporación poida acordar o que estime oportuno, no seu momento.

12.Rogos e preguntas.

O sr. Canabal fai os seguintes rogo e preguntas:

Rogo:

“Tal e como falamos despois da última comisión de contas sobre a ubicación dun tanatorio en Lestedo, rogo que se fagan ós trámites necesarios para ver a posibilidade de ubicar un tanatorio no complexo deportivo que actualmente existe en Lestedo. Tendo en conta a gran cantidade de terreo, a ausencia de casas xusto ao lado, e mesmamente que non sería necesario ocupar a parcela do campos de fútbol, e tendo en conta que estamos falando de terreos propiedade do concello, podería ser un lugar axeitado para a súa ubicación.”

Preguntas:

Primeira: Horarios da Gardería

“No pleno do 9 de maio de 2012 solicitei ver a posibilidade de incrementar os horarios da gardería unha hora diaria, distribuída media hora pola mañá (apertura ás 7 e media) e retrasar media hora pola tarde (peche ás 20.30 h) tentando conciliar os horarios da gardería cos horarios laborais dos pais. Certo é que recibín semanas despois un informe da directora da gardería, pero non recibín ningunha contestación do concello. 4 meses despois, a pregunta é directa.

- Pode abrirse a gardería media hora antes pola mañá?”

Resposta do sr. Sanjuás: Estudarémolo e logo contestaráselle.

Segunda: Travesía de Rodiño

“No pleno do 9 de maio, por acordo maioritario da corporación aprobouse unha moción instando á Xunta de Galicia a ver a posibilidade de modificar algunhas cousas na travesía de Rodiño. Non houbo tempo de atender as reclamacións, mais si de inaugurala, Conselleiro de Corpo presente.

- Fíxose algo neste aspecto?”

Resposta do sr. Sanjuás: Creo que pensan reducir un tramo porque déronse conta que se xira con dificultade.

Terceira: Wifi nos locais sociais.

“No mesmo pleno do 9 de maio de 2012, solicitei nunha moción aprobada por unanimidade a dotación de todos os centros de rede wifi aberta para uso por parte do tecido asociativo e dos veciños en xeral.

- Catro meses non son suficientes para chamar á compañía de quenda e habilitar eses dispositivos que permitan ter sinal nos locais sociais?
- Cando o van facer?”

Resposta do sr. Sanjuás: Comunicóuselle, agora depende deles.

Cuarta: Altas e baixas dos contratos de saneamento e abastecemento. anos 2010 e 2011.

“Fai un ano, en concreto o 19 de setembro de 2011, a intervención deste Concello emitiu un informe sobre as altas do abastecemento e saneamento de auga.

Textualmente neste dicíase que ao longo do ano 2011 (entre xaneiro e agosto) se produciran altas sen que foran aprobadas nin en Xunta de Goberno nin por Resolución da Alcaldía, e tampouco constaba en tesourería o ingreso das respectivas taxas, cuxo importe ascendería a 4.550 €. Ademais, tampouco constaban os datos de 2010, ano no que entraran en vigor estas ordenanzas.

Lonxe de defender estas ordenanzas, que neste apartado son unha auténtica animalada, o que non se pode consentir é que non se cumpran as ordenanzas reguladoras de servizo neste Concello, ou que haxa arbitrio á hora do seu cumprimento.

No propio pleno do mes de novembro, preguntei ao alcalde que tendo en conta este informe, porque non se cobraran eses contratos de altas en abastecemento e saneamento. O Sr. Alcalde dixo que me repostaría na seguinte sesión plenaria, mais nunca recibín resposta.

- Porque non se cobraron estas taxas de alta?
- Como se vai a proceder para emendar esta gravísima irregularidade?

Remato entón. Se queren dígollo noutro ton que antes, e pido desculpas se molestou o ton empregado. Cómpre que sexamos un pouco serios, posto que de seguir como ata agora non ten senso debater nin discutir neste Concello, e como concelleiro responsable, vereime na obriga de tentar solucionar os problemas dos veciños, noutras instancias.”

Resposta do sr. Sanjuás: Xa se lle contestará por escrito.

O sr. Calvelo fai os seguintes **rogos**:

1/ O alumeado da Ponteledesma (Ponte Vella) Baiuca poderíase manter acendido durante máis tempo cando exista algún evento, porque noutro caso a escuridade é total. O mesmo sucede na Casa de Cultura de Camporrapado.

2/ Na Corna, fronte a neumáticos Abraldes sería conveniente facer beirarrúa debido ao perigo que provoca a velocidade do tráfico.

O sr. Sanjuás di que xa foi aprobado un proxecto para facer beirarrúas en Corna e Camporrapado.

3/ O edificio de Lestedo nun dos pozos falla o motor e reborda por fora. Hai que buscar o xeito para que baixe pola marxe esquerda.

O sr. Sanjuás di que os veciños do edificio solicitaron por escrito o saneamento e xa se lles comunicou que por esa zona non se poder verter.

O concelleiro, sr. Santasmarinas di que haberá que cambiar as tubarias.

4/ En canto á area recreativa de Lestedo (fronte Hector Vázquez), carreteras aínda non limpou a parcela.

Deberíase axeitar esa zona e facer unha area recreativa.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Vº e prace

A secretaria

O presidente